



PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DOS ESTATUTOS DO ATENEO DE SANTIAGO

Motivación:

A tenor do desenvolvemento adquirido pola nosa Entidade ao longo dos últimos anos en canto a número e diversidade de actividades e relacións con outras asociacións así como para mellorar a representatividade do maior número de socios existente, faise precisa a ampliación do número de membros da Xunta Directiva de tres a cinco Vogais polo que se propón a modificación dos seguintes artigos dos actuais Estatutos:

Art. 6: A Asociación será xestionada e representada por unha Xunta Directiva formada por: un Presidente/a, un Vicepresidente/a, un Secretario/a, un Tesoureiro/a e cinco Vogais.

Todos os cargos que compoñen a Xunta Directiva serán non retribuídos. Estes serán designados e revogados pola Asemblea Xeral e o seu mandato terá unha duración de tres anos.

Art. 16: As eleccións á Xunta Directiva serán convocadas cun mínimo dun mes de antelación á data fixada para o escrutinio. Dita convocatoria deberá conter o calendario electoral e as normas complementarias necesarias para un correcto desenvolvemento da elección.

Son electores todos os socios en plenitude dos seus dereitos.

Son elixibles todos os socios de número e fundadores que, estando en plenitude dos seus dereitos, teñan un mínimo dun ano de antigüidade e presenten a súa candidatura en tempo e forma.

A votación realizarase persoalmente mediante papeleta que garanta a liberdade e o segredo do voto.

As candidaturas contarán cun número de membros igual aos postos a cubrir, constando os nomes dos propostos para Presidente/a, Vicepresidente/a, Secretario/a, Tesoureiro/a e cinco Vogais.

Santiago de Compostela, marzo de 2.015

NOTA: O texto destacado corresponde aos parágrafos ou artigos engadidos